



GUÍA DO ARQUIVO

GUÍA DEL ARCHIVO

Guía do Arquivo

1. - ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1.- Código de referencia: ES.GA. 15030. ADAC

1.2.- Título: Arquivo da Deputación da Coruña = Archivo de la Diputación Provincial de A Coruña

1.3.- Datas de produción: 1822-

1.4.- Nivel de descrición: Fondo.

1.5.- Volumen da unidade de descrición: Aproximadamente 6886 m/l e 96 caixóns en armarios planeros. Predomina o papel (53665 caixas arquivadoras e 5489 libros). Outros soportes: 13648 fotografías, 620 negativos, 400 diapositivas, 5645 carteis, 558 gravados, pinturas e debuxos, 8745 planos e mapas, 83 obxectos, 1353 discos de vinilo e 472 documentos audiovisuais e sonoros. Biblioteca auxiliar: 1371 monografías, 41 títulos de publicacións seriadas, 10 CD- ROM.

2. – ÁREA DE CONTEXTO

2.1.- Nome do produtor: Deputación da Coruña = Diputación Provincial de A Coruña

2.2.- Historia institucional/biográfica: A provincia non nace como administración local, senón como división do Estado liberal para o mellor cumprimento dos seus fins. Teremos que esperar ata o ano 1924-25 para que municipios e provincias vexan recoñecida a súa categoría de estruturas locais típicas, con intereses peculiares propios e fins totais.

As orixes da organización provincial teñen un matiz revolucionario. Durante a guerra de Independencia sucédense a Xunta Superior, a Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino e a Deputación única de Galicia. Tras a paréntese absolutista, no 1820 inaugúrase a segunda Deputación Provincial única.

As primeiras deputacións provinciais do 1822 víronse mediatizadas polo poder militar e inoperantes sen recursos económicos. Conservamos as actas de

xuño a decembro do ano 1822. A reconstitución definitiva deberá esperar ao ano 1835, en pleno estalido carlista e baixo a febre desamortizante. Na Deputación da Coruña, concretamente ao 21 de novembro.

A lei fundamental de deputacións do ministerio progresista de Mendizábal, do 25 de setembro do 1835, toma como modelo as ordenanzas do trienio liberal inspiradas na Constitución do 1812. As deputacións tiñan, entre outras, as atribucións de sinalar e distribuír contribucións estatais, repartir os gastos orzamentarios, recrutar mozos para o exército, examinar as contas dos pobos, os seus orzamentos e calibrar os seus imprevistos, fornecer censos de estatísticas ao goberno, soste as milicias nacionais, administrar os servizos de bagaxes, promover a instrución pública e a beneficencia¹.

Ata a instalación das deputacións, as casas de beneficencia estaban a cargo de institucións relixiosas primeiro e dos concellos despois. A Lei fundamental de deputacións do 1835 (art.2 e 16) asígnalles a intervención e administración dos establecementos benéficos da súa provincia. Na Coruña, resultan interesantes os preitos entre a Xunta Municipal de Beneficencia e a súa sucesora provincial.

As deputacións variarán ao compás da evolución política condicionante. Inicialmente, convértense en baluartes do progresismo, un auténtico poder dentro do Estado. No ano 1840, cando se pretende botar freo ao avance liberal, a clave daraa o control do goberno local, a través do Gobernador Civil. Implantouse entón o liberalismo moderado que predominará na escena política decimonónica. Con este marco, non desenvolverán tanto funcións representativas como de administración e fomento².

Na década moderada, co RD do 1 de xaneiro do 1845, constitúense os Consellos Provinciais, tribunais de fiscalización administrativa, modelo do estado autoritario concibido por Narváez e González Bravo. Disólvese a Milicia Nacional, baluarte progresista da Lei do 1835. As súas funcións redúcense a revisións e cotas de quintos e soldados, recadación de arbitrios, construción de camiños ou pontes e prestación de asistencia benéfica e sanitaria.

No modelo progresista de réxime local, avógase polo establecemento dos “negocios de interese peculiar das respectivas provincias”, corrixindo a

tendencia centralizadora, pero baixo un modelo de uniformidade e subordinación xerárquica³. Tras o brevísimo paréntese do bienio progresista, unha nova etapa moderada que dura doce anos restablece o Consello Provincial. Coa Revolución de setembro do 1868 queda novamente abolido o Consello Provincial. Liquidado o paréntese do sexenio revolucionario iníciase a Restauración e con ela o deseño canovista dun sistema oligárquico e caciquil.

En principio, durante case todo o século XIX e boa parte do XX, non notamos diferenzas entre administración periférica do Estado e administración local: as deputacións concíbense como organismos económico-administrativos dependentes dun estado centralizado.

Temos que esperar á lexislación do sexenio revolucionario (1868-1874) para atisbar un proceso de diferenciación orgánica das deputacións, unha lenta marcha cara a unha estrutura administrativa propia, diferenciada da dos órganos do Estado nas provincias. É por iso, que durante moitos anos a Deputación e o Goberno Civil compartiron edificio⁴.

A partir do ano 1870 cambia a situación, iníciase un lento proceso de estruturación como entidade local, pragado de retrocesos, consolidando competencias: a rede secundaria de camiños, os establecementos benéfico-sanitarios, os de instrución pública, o fomento dos sectores produtivos e a supremacía sobre os concellos.

Tan só un par de exemplos de vaivéns: a Lei Provincial do 29 de agosto do 1882 (cap.VI, art.74) di que corresponde exclusivamente ás deputacións provinciais a administración dos intereses peculiares das provincias respectivas [...] que teñan por fin a comodidade dos habitantes da provincia e o fomento dos seus intereses materiais tales como establecementos de beneficencia ou instrución, camiños, canles, e toda clase de obras públicas de interese provincial, así como concursos, exposicións e outras institucións de Fomento [...]. Doutra banda, o RD do 14 de agosto do 1893, declara suprimida a Sección de Fomento⁵.

Na Restauración, a longa e enconada discusión sobre o réxime local acaparou a atención dos políticos. O dilema ata entón discorria entre centralismo e descentralización. Na recta final do século XIX, o problema complicase co rexeneracionismo e o rexionalismo. É necesaria a reforma dun réxime local que

foi constrinxindo. As críticas apuntan ao carácter artificial de municipios e provincias. A lexislación non se corresponde coa realidade, é impracticable. En Silvela, Maura e ata en Calvo Sotelo, atopamos a concepción política optimista, que recoñece un substrato de vida local reprimido baixo a lexislación liberal centralizante⁶.

Tras o fracaso do proxecto de Maura do 1907, teremos que esperar ata a ditadura de Primo de Rivera que elabora a máis nítida expresión dunha lexislación conservadora en materia de reforma da administración local. Ironicamente é un modelo de autonomía e democracia. Tentou resolver o abismo demoledor aberto entre teoría e práctica política, que amenazou de morte ao réxime restauracionista.

O Estatuto provincial do 1925 configura definitivamente á provincia como entidade local, á marxe da súa consideración como circunscrición administrativa do Estado. Invístense os termos de relación entre provincia e municipio.

Desaparecen as funcións de tutela, fiscalización e inspección dos asuntos municipais: o exame e aprobación dos orzamentos municipais, a censura das súas contas, a fiscalización das súas eleccións, etc.⁷.

A entidade primaria e célula básica radica no municipio. A provincia é a institución continxente, non inescusable, estimuladora da actividade municipal. As competencias de beneficencia, sanidade, cultura ou comunicacións son idénticas, a diferenza incide no ámbito, os espazos e custos de aplicación.

A lexislación republicana non se caracterizou por ser renovadora, subsistindo gran parte dos preceptos legais dos estatutos de Calvo Sotelo. Pola contra, o réxime local franquista será o último retroceso no camiño cara á autonomía local. Un férreo centralismo político e administrativo co que reaparece a tutela co Servizo de Inspección e Asesoramento das Corporacións Locais. A etapa franquista amplía a rede de órganos da administración periférica. A Comisión Provincial de Servizos Técnicos, nacida inicialmente nas deputacións, subordinándose aos gobernos civís. Tras a última paréntese do franquismo, queda atrás o estigma da división territorial para a execución de actividades propias do Estado.

As deputacións andiveron un longo camiño, ata chegar a ser entidades públicas que gozan de plena autonomía local, ata converterse en institucións de apoio e cooperación para a resolución dos problemas municipais, ata conseguir corrixir os desequilibrios intraprovinciais e facerse expertas en resolución de problemas de infraestruturas nos pequenos municipios, e todo isto a piques de cumprir o seu segundo centenario.

Notas:

1. LLADONOSA PUJOL, J. *Historia de la Diputación Provincial de Lérida*. Lérida. Diputación Provincial, 1974.
2. GONZÁLEZ MARIÑAS, P. *Las diputaciones provinciales en Galicia: del Antiguo Régimen al constitucionalismo*. La Coruña. Diputación Provincial, 1978.
3. LLISSET BORREL, F. *Manual de derecho local*. Madrid. Abella, 1986.
4. BALLESTEROS SAN-JOSÉ, PLÁCIDO; RODRÍGUEZ CLAVEL, JOSÉ RAMÓN. *Los archivos de las diputaciones. Qué son y cómo se tratan*. Gijón, Trea, 2010.
5. MARTÍNEZ ALCUBILLA, M. *Diccionario de la administración española*. Vol.8. Madrid. A. Augusto Figueroa, 1919.
6. TUSELL GÓMEZ, J. *La reforma de la administración local en España (1900-1936)*. Madrid. INAP, 1987.
7. BALLESTEROS SAN-JOSÉ, PLÁCIDO; RODRÍGUEZ CLAVEL, JOSÉ RAMÓN. *Los archivos de las diputaciones. Qué son y cómo se tratan*. Gijón, Trea, 2010.

2.3.- Historia arquivística: A primeira referencia documental sobre o arquivo témola no “Regulamento interior das dependencias da Deputación Provincial da Coruña” do 1889 que establece as súas funcións nos artigos do 64 ao 71.

Consta o nomeamento de D. Bernardo Barreiro de Vázquez Varela como arquivista no ano 1888 e tamén o de Manuel Murguía no 1909.

Durante o século XIX e a primeira metade do XX o arquivo acompañou á institución polas diversas sedes que tivo na cidade. Os sucesivos traslados fixeron efecto na conservación documental.

O Palacio Provincial de Riego de Agua foi a sede máis duradeira. No ano 1932 hai constancia documental de que o arquivo e a biblioteca están instalados na planta baixa na á dereita. Con todo, na década dos anos 70 situábanse nos faiados. Por mor dunhas obras de ampliación das oficinas, nos anos 80 os documentos foron almacenados temporalmente no Pazo de Mariñán, onde se

deterioraron gran parte deles. Grazas á iniciativa do arquivista de entón, D. Fernando Urganer Casado, recupéranse e organizan unhas 5000 caixas.

Desde o ano 1985 o arquivo, que depende de Secretaría, atópase na rúa Archer Milton Huntington, instalado nun edificio, obra do arquitecto provincial Jacobo Rodríguez-Losada Trulock, que inicialmente foi residencia de antigos alumnos dos colexios da Deputación. Consta de tres plantas. A planta baixa contén as salas de traballo e de investigadores, xunto con depósitos. As plantas superiores están destinadas a depósitos e salas de traballo. Conta cun depósito secundario situado no complexo "A Milagrosa". A partir desta data iníciase os traballos de descrición que continúan na actualidade.

A escaseza de información do século XIX e primeiro terzo do XX débese á combinación de tres causas, todas elas negativas: falta de continuidade no posto de arquivista, deficiencias na conservación e unha política de destrución masiva. Das tres, a máis grave foi a funesta política de destrución masiva e incontrolada de documentación, mediante a súa “venta ao peso” propiciada pola R.O. do Ministerio da Gobernación do 30 de marzo do ano 1927 (Gaceta de Madrid do 2 de abril do 1927). Na inmediata posguerra a propia administración volveu favorecer a venda ao peso da documentación.

O Arquivo está constituído por diversos fondos sendo o de máis volume o da propia Deputación. Está formado pola institución provincial dende o século XIX ata a actualidade. As funcións históricas que lles corresponderon ás Deputacións Provinciais nestes séculos, con diversa e contraditoria lexislación, resúmense en dos ámbitos:

- O fomento e a administración da provincia e dos intereses provinciais
- A asistencia aos municipios

2.4.- Forma de ingreso: A maior parte do volume documental tanto en papel como outros soportes (fotografías, carteis, gravados, etc.) é produto da actividade que desenvolve a institución e ingresa anualmente recibíndose por transferencia os documentos que proceden dos distintos Servizos da Deputación cunha antigüidade superior aos 5 anos.

Tamén existen fondos privados que pasan a formar parte deste arquivo por compra, doazón, etc.

- Por depósito:
 - Colexio Oficial de Arquitectos
- Por compra:
 - José Mosquera Pérez, O Vello dos Contos
 - Familia Martelo
 - Familia Murguía – Castro
 - Colección Manuel Puga Pequeño
 - Escolas Populares Gratuitas
- Por doazón:
 - Familia García-Espinosa

3. – ÁREA DE CONTIDO E ESTRUTURA

3.1.- Alcance e contido: O Arquivo da Deputación asume na mesma sede as funcións de arquivo intermedio e histórico, e custodia documentos que van desde o nacemento da Deputación no 1822, documentación histórica con valor permanente, ata os que cumpriron 5 anos procedentes do arquivo de oficina.

A documentación corresponde, fundamentalmente, ao reflexo das funcións e actividades inherentes ás competencias da Deputación que se poden resumir en: Fomento e Administración da Provincia e Asistencia aos municipios en todas as súas necesidades, especialmente aos que non contan con medios técnicos ou económicos suficientes. Unha pequena parte do fondo documental do Arquivo procede de institucións desaparecidas, das cales as súas competencias foron herdadas pola mesma, como son os antigos Establecementos Provinciais de Beneficencia da Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela.

Así mesmo, inclúe tamén documentación procedente de organismos de ámbito provincial que compartiron os locais do Palacio Provincial como: Consello Provincial, Xunta Provincial do Censo Electoral e Comisión Mixta de Recrutamento.

A serie estrela e con maior continuidade é “Libros de actas do Pleno (1822, 1836-)” que debemos completar con “Libro de actas da Comisión Provincial (1885-1932).

A serie “Libro de Resolucións e Decretos (1949-)” mostra unha visión global das competencias e funcións da Deputación.

3.2.- Valoración, selección e eliminación: A documentación ten un primeiro proceso de organización e selección no arquivo de oficinas que a producen, previo ao seu paso ao arquivo, non realizándose actualmente ningún proceso de expurgo relevante. En todo caso, o expurgo está suxeito a procedementos regrados e autorizados pola comisión cualificadora competente.

3.3.- Novos ingresos: Ao ser un fondo aberto recíbense transferencias continuas e normalmente programadas dos diferentes servizos, fixadas de antemán a través dun calendario de transferencias anuais.

En todo caso son posibles outras vías de ingreso documental, ben por doazón, depósito ou adquisición.

3.4.- Organización: O Arquivo conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Ademáis, conta con outros fondos documentais debidamente individualizados, tanto de carácter público ou institucional como privado e familiar.

FONDO	DATAS	VOLUME	
DEPUTACIÓN			
Goberno e dirección	1822-2025	392 Caixas	3054 Libros
Administración e recursos	1565-2025	22456 Caixas	1867 Libros
Prestación de servicios	1730-2021	30382 Caixas	285 Libros
ORGANISMOS AUTÓNOMOS			
Caixa de Crédito Provincial	1933-1997	109 Caixas	8 Libros
Central de Compras	1980-1994	173 Caixas	49 Libros
INSTITUCIONES PÚBLICAS EN QUE PARTICIPA LA DIPUTACIÓN			
Xunta Provincial de Beneficencia	1850-1867		3 Libros
Consello Provincial	1846-1868		19 Libros
Comisión Mixta de Arbitraje de Cinematografía da Zona Noroeste	1949-1986	6 Caixas	
Patronato Nacional de Santiago de Compostela	1964-1966	1 Caixa	
Instituto de Estudios de Administración Local	1978-1992	6 Caixas	
Xunta Provincial del Censo Electoral	1930-1977	254 Caixas	6 Libros
Comisión Mixta de Recrutamento	1897-1925		41 Libros
Comisión Provincial de Saneamiento	1976-1985	182 Caixas	
FONDOS PRIVADOS			
Xosé Mosquera Pérez, O vello dos Contos	1906-1982	1 Caixa	
Familia Martelo	1618-1936	1 Caixa	
Familia Murguía-Castro	1850-1983	1 Caixa	
Familia García Espinosa	1890-2014	1 Caixa	
Familia Vega	1538-1902	3 Caixas	
Familia Bermúdez de Castro y Suárez de Deza	1565-1935	3 Caixas	
Institucións			
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia		875 Caixas	
Escuelas Populares Gratuitas	1900-1954	1 Caixa	
Xunta Provisional Gubernativa de Santiago	1840	1 Caixa	
Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa de Galicia	1811-1813	1 Caixa	
Sociedades			
Antonio Vila – Sociedade Sada e os seus contornos	1921-2013	1 Caixa	
COLECCIÓNES			
Documentos figurativos	1820-2011	30 Mapas e 5714 Planos	100 Carteis
Documentos audiovisuales	1910-1998	1421 Fotografías	1351 Rexistros sonoros

4. – ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO e UTILIZACIÓN

4.1.- Condición de acceso: Libre, exceptuando aquela documentación en mal estado de conservación e aquela outra reservada ou de acceso restrinxido regulada especificamente pola lexislación e regulamentación seguinte:

- Constitución Española do 27 de decembro de 1978, artigo 105 b).

- Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, artigos: 1.1, 7.3, 7.4 e 8.1.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, artigo 70.3. ◦ Lei 16/1985, do 25 de xuño, de Patrimonio Histórico, artigos 57 e 62.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 207.
- Real Decreto 208/1996, do 9 de febreiro, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán.
- Real Decreto 1332/1994, do 20 de xuño, polo que se desenvolve determinados aspectos da Lei Orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, artigo 14.
- Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, artigos 7 e 23 a 30.
- Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, artigo 21.1 g).
- Real Decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e regúlase o Sistema de Arquivos da Administración Xeral do Estado e dos seus Organismos Públicos e o seu réxime de acceso, artigos 23 a 32.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigos 12 a 23.
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigos 16 e 17.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4.2.- Condicións de reprodución: As comúns, tanto en soporte papel (fotocopias, impresos e copias autenticadas) como en soportes especiais (fotografías, disquetes, CD...), salvagardando aqueles documentos e/ou series documentais aos que afecte a Lei 22/1987, do 11 de novembro, de Propiedade Intelectual e o Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

4.3.- Lingua/escritura dos documentos: principalmente en castelán e galego, algunha documentación en latín.

4.4: Características físicas e requisitos técnicos: O estado de conservación da documentación nos seus diferentes soportes, é aceptable.

Os libros de actas de sesións do Pleno, da Comisión Xestora, da Comisión Provincial, os da Xunta Provincial de Beneficiencia, o Boletín Oficial da Provincia (BOP), planos de arquitectura e unha pequena parte do arquivo histórico atópanse dixitalizados para a súa consulta.

4.5.- Instrumentos de descrición: O fondo conta cos seguintes instrumentos de descrición:

- Cadro de Clasificación Funcional
- Inventarios
- Índices
- BBDD
- Guía do Arquivo

5. – ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA

5.1.- Existencia e localización de orixinais: Nos arquivos dos concellos da provincia existen documentos que reflicten a actividade de cooperación da

Deputación con cada un deles, especialmente nas series relacionadas con obras de plans, benestar social, recadación de taxas e contribucións.

5.2.- Existencia e localización de copias: Os Libros de actas de sesións do pleno e unha pequena parte do arquivo histórico atópanse dixitalizados para a súa consulta.

O Plan de dixitalización 2020-2023 incluíu a totalidade das Actas, as Resolucións, os BOPs, os libros de actas da Xunta Provincial de Beneficencia, os planos de arquitectura e destacada documentación de Patrimonio.

5.3.- Unidades de descrición relacionada: Hai documentación asociada no Arquivo de Galicia sobre estradas, asistencia social e o Hospital de Conxo, así coma documentación que poida derivar de funcións que antes asumía a Deputación e agora a Xunta de Galicia.

No Arquivo do Reino de Galicia existe documentación sobre o Tribunal Provincial do Contencioso Administrativo da Coruña, o Goberno Civil, as Xuntas Electorais e a Deputación Única de Galicia, ademáis da documentación relacionada con MUNPAL (Mutualidad Nacional de Previsión da Administración Local).

No Arquivo Histórico Universitario (USC), a documentación do Hospital Provincial de Santiago de Compostela.

5.4.- Nota de publicacións:

• **Publicacións do arquivo:**

- a) ARQUIVO DEPUTACIÓN DA CORUÑA. *Documento del mes. 2021 = documento do mes. 2021.* A Coruña: Deputación, 2022.
- b) ARQUIVO DEPUTACIÓN DA CORUÑA. *Documento del mes. 2020 = documento do mes. 2020.* A Coruña: Deputación, 2022.
- c) ARQUIVO DEPUTACIÓN DA CORUÑA. *Documento del mes. 2022 = documento do mes. 2022.* A Coruña: Deputación, 2023.

- d) ARQUIVO DEPUTACIÓN DA CORUÑA. *Documento del mes. 2023 = documento do mes. 2023*. A Coruña: Deputación, 2024.
 - e) ARQUIVO DEPUTACIÓN DA CORUÑA. *Documento del mes. 2024 = documento do mes. 2024*. A Coruña: Deputación, 2025.
 - f) DEPUTACIÓN DA CORUÑA. *Actas Diputación Provincial de la Coruña : Bicentenario 1822*. A Coruña : Deputación, D.L. 2023.
 - g) GRUPO DE TRABAJO DE ARCHIVEROS DE DIPUTACIONES, CONCEJOS INSULARES Y CABILDOS. *Guía de los archivos de las diputaciones provinciales y forales y de los consejos y cabildos insulares de España*. Cádiz: Diputación, 2006.
 - h) GRUPO DE TRABAJO DE ARCHIVEROS DE DIPUTACIONES, CONCEJOS INSULARES Y CABILDOS. *Libro de actas. XIX Encuentro en A Coruña*. A Coruña: Deputación, 2019.
 - i) GRUPO DE TRABAJO DE ARCHIVEROS DE DIPUTACIONES, CONCEJOS INSULARES Y CABILDOS. *Archivos municipales. XIX Encuentro en A Coruña*. A Coruña: Deputación, 2019.
 - j) MOLINA TABOADA, Carmen. Mutacións arquivísticas. Da aspiración á inspiración. En: *Xornadas de arquivos e bibliotecas de Galicia: dun presente imperfecto a un futuro transformador*. A Coruña, Deputación da Coruña, 2021, pp. 45-55.
- **Publicacións co fondo do arquivo:**
 - a) Presenza do arquivo nos libros

6 – ÁREA DE NOTAS

6.1.- Notas: No propio fondo da Deputación inclúese algunha documentación anterior á súa creación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores. É preciso sinalar que unha pequena porcentaxe de documentos depositados no arquivo está en fase de organización e cunha descrición superficial.

7. – ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

7.1.- Nota do arquivreiro: Descrición realizada por Yolanda Carro Sánchez, baixo a coordinación de Carmen Molina Taboada.

7.2.- Regras ou normas:

- Grupo de Arquivreiros de Galicia: Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA). Vigo. Xunta de Galicia. 2010.
- Grupo de Traballo de Archiveros de Diputaciones, Consejos Insulares y Cabildos. Guía de los archivos de las Diputaciones Provinciales y Forales y de los Cabildos Insulares de España. Cádiz. Diputación, 2006.
- ISDIAH - Norma Internacional para la Descripción de Instituciones que Custodian Fondos de Archivo, 1ª edición, Consejo Internacional de Archivos, 2008.

7.2.- Data (s) das descrições:

2020-07-01

2022-01-21 (Revisada)

2023-04-24 (Revisada)

2024-04-02 (Revisada)

2025-03-14 (Revisada)

2026-02-27 (Revisada)

Guía del Archivo

1. - ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

1.1.- Código de referencia: ES.GA. 15030. ADAC

1.2.- Título: Archivo de la Diputación Provincial de A Coruña = Arquivo da Deputación da Coruña.

1.3.- Fechas de producción: 1822-

1.4.- Nivel de descripción: Fondo.

1.5.- Volumen de la unidad de descripción: Aproximadamente 6886 m/l y 96 cajones en armarios planeros. Predomina el papel (53665 cajas archivadoras y 5489 libros). Otros soportes: 13648 fotografías, 620 negativos, 400 diapositivas, 5645 carteles, 558 grabados, pinturas y dibujos, 8745 planos y mapas, 83 objetos, 1353 discos de vinilo y 472 documentos audiovisuales y sonoros. Biblioteca auxiliar: 1371 monografías, 41 títulos de publicaciones seriadas, 10 CD- ROM.

2. – ÁREA DE CONTEXTO

2.1.- Nombre del productor: Diputación Provincial de A Coruña = Deputación da Coruña.

2.2.- Historia institucional/biográfica: La provincia no nace como administración local, sino como división del Estado liberal para el mejor cumplimiento de sus fines. Tendremos que esperar hasta 1924-25 para que municipios y provincias vean reconocida su categoría de estructuras locales típicas, con intereses peculiares propios y fines totales.

Los orígenes de la organización provincial tienen un matiz revolucionario. Durante la guerra de Independencia se suceden la Junta Superior, la Junta Superior de Subsidios, Armamento y Defensa del Reino y la Diputación única de Galicia. Tras el paréntesis absolutista, en 1820 se inaugura la segunda Diputación Provincial única.

Las primeras diputaciones provinciales de 1822 se vieron mediatizadas por los poderes militares e inoperantes sin recursos económicos. Conservamos

las actas de junio a diciembre de 1822. Su reconstitución definitiva deberá esperar a 1835, en pleno estallido carlista y bajo la fiebre desamortizante. La Diputación de A Coruña, concretamente al 21 de noviembre.

